

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 26 DE SETEMBRO DO 2024.

ASISTENTES:

<p><b>Presidente:</b> PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p>	<p><b>Interventor:</b> BAO CASTRO PABLO</p>
<p><b>Membros que asisten:</b> VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO</p>	<p><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p><b>Membros que non asisten:</b> MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e seis de Setembro do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (XGL 14/08/2024)**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 14/08/2024

**2.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (XGL 22/08/2024)**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 22/08/2024

**3.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (XGL 29/08/2024)**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 29/08/2024

**4.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (XGL 05/09/2024)**



Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 05/09/2024

---

**5.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL 12/09/2024)**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 12/09/2024

---

**6.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL 19/09/2024)**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 19/09/2024

---

**7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/232**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 18/09/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PRAIA DA RIBEIRA""

---

**8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/241**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/09/2024. DECRETO: "AUTORIZACIÓN REDACCIÓN MODIFICADO PROYECTO REHABILITACIÓN Y MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DE LA CASA CONSISTORIAL DE RIBEIRA. ACTUACIONES SOBRE LA ENVOLVENTE EXTERIOR". (PIREP 1) - REACT-UE NEXT GENERATION"

---

**9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/243**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/09/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DA RÚA LUÍS SEOANE (AGUIÑO)""

---

**10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/245**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/09/2024. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DE LA CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE TAQUILLAS INTELIGENTES EN EL MERCADO DE RIBEIRA" PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU (PRTR) "AYUDAS PARA EL FORTALECIMIENTO DE LA ACTIVIDAD



COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS” (RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE LA AYUDA DE FECHA 10/11/2023, DE LA SECRETARIA DE ESTADO DE COMERCIO)”

---

**11.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/252**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/09/2024. DECRETO: “INICIO EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN E OBRA PÚBLICA PARA A CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DO APARCAMENTO DA PRAZA DO CENTENARIO”

---

**12.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/272**

.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 23/09/2024. DECRETO: “AMPLIACIÓN DEL PLAZO PARA LA EJECUCIÓN DE LA OBRA “REHABILITACIÓN Y MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DE LA CASA CONSISTORIAL DE RIBEIRA. ACTUACIONES SOBRE LA ENVOLVENTE EXTERIOR” HASTA LA APROBACIÓN DEL MODIFICADO DEL CONTRATO Y PROYECTO. (PIREP 1) - REACT-UE NEXT GENERATION”

---

**13.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/279**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 23/09/2024. DECRETO: “SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DO SECRETARIO DA MESA DE CONTRATACIÓN”

---

**14.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/301**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 24/09/2024. DECRETO: “RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE PENALIDADES DA OBRA DE “REFORMA E AMPLIACION DE EDIFICIO EXISTENTE PARA NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE RIBEIRA””

---

**15.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL E DESISTIMENTO DE LICENZA URBANÍSTICA – María Teresa Castelo Antelo**

EXPEDIENTE: 2024-DAVA000002

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

1.- Licenza 210/2008, outorgada a D. José Rosende Alende para “rehabilitación de casa rural na Rúa Cruceiro de Marcos, 21 – Palmeira” (Rfª Catastral 3541302NH0134S0001FH).



2.- Aval Banco Pastor depositado por D. José Rosende Alende con data 23/05/2008 (Operación contable 2008-33003460), por importe de 1.044,00 euros, para responder das condicións da licenza urbanística 210/2008.

3.- Venda do inmoble de Cruceiro de Marzo, 21 – Palmeira por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Castelo Antonio (víuva de D. José Rosende Alende – finado en data 31/03/2013), con data 04/11/2013, a D. Jesús Antonio Vidán Martínez, representado pola súa tutora legal D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Vidán Martínez.

4.- Licenza urbanística nº 123/2014, outorgada a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Vidán Martínez, para “remodelación de vivenda unifamiliar en parcela de referencia catastral 3541302NH0134S0001FH”.

5.- Solicitud de anulación de licenza 210/2008 por desestimento, e conseguinte devolución do devandito aval, formulada por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Csatelo Antelo con data 14/03/2024 (Rexistro de Entrada nº 9030, de 11/04/2024).

6.- Depósito de aval de Abanca, por importe de 1.044,00 euros, efectuado por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Vidán Martínez con data 29/05/2024 (Operación contable 2024-33006908) como “garantía para responder das condicións da licenza urbanística de remodelación de casa rural en Cruceiro de Marcos, 21 (Palmeira) – Lic<sup>a</sup> 123/14”.

**Visto** o informe conxunto emitido en sentido favorable ao respecto polo Xefe do Servizo de Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, e polo Xefe do Servizo de Xestión Tributaria, Manuel Vicente Novo Lijó, de data 17/06/2024.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Acceder á solicitud de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Castelo Antelo, anulando, por desestimento, a licenza urbanística nº 210/2008, e procedendo á devolución do aval depositado en data 23/05/2008.**

---

#### 16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20177 08.08.2024 GONZALO PORRÚA NEIRA, cambio de fiestras, na rúa do Norte, 77, Palmeira.

---

#### 17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20422 13.08.2024 MARÍA BEATRIZ BRIÓN MOS, apertura de oco portal, traseiro na finca situada no Vilar, 21, Carreira.



---

**18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22131 05.09.2024 ANA MARÍA SUÁREZ MUIÑÓS, limpeza de canalón no inmueble situado na rúa da Arousa, 10-Avda. do Malecón, 29, Ribeira.

---

**19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22968 16.09.2024 MANUELA AGRELO LAMPÓN, reposición-colocar postes e instalar portal na mesma posición que o anterior, no lugar de Vixán Carreira.

---

**20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Javier Fontenla Fontaiña**

**Visto** o escrito presentado por **Javier Fontenla Fontaiña**, de data 12/09/2024 (Registro de entrada nº 22.727), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 1012803NH0111S0001EE e sita no Rúa Manzanares nº 62, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/09/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 1012803NH0111S0001EE e sita no Rúa Manzanares nº 62, Ribeira.

---

**21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Hermanas Caridad Sagrado Corazón**

**Visto** o escrito presentado por **Hermanas Caridad Sagrado Corazón**, de data 17/09/2024 (Registro de entrada nº 23.235), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 0491907NH0009S0001BG e sita na Rúa Fonte Nova nº 4, Castiñeiras, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 24/09/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de segregación nin de restauración da legalidade urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0491907NH0009S0001BG e sita na Rúa Fonte Nova nº 4, Castiñeiras, Ribeira.

---

## 22.- VAO PERMANENTE – The Logistic Box Premium

Queda sobre a mesa pendente de requisitos urbanísticos o escrito presentado por Ana Outeiral Martínez en representación de **The Logistic Box Premium**, de data 16/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.014), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa García Bayón, nº 1 (Ribeira).

---

## 23.- VAO PERMANENTE – Transpayuelo, S.L. (MRW)

Visto o escrito presentado por Carolina Campaña Novo en representación de **Transpayuelo, S.L. (MRW)**, de data 23/07/2024 (Rexistro de entrada nº 19.025), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Paseo das Carolinas, nº 4-Baixo (Ribeira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 20/09/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Transpayuelo, S.L. (MRW)**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Paseo das Carolinas, nº 4-Baixo (Ribeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

---

## 24.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE FOLIADA – Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira

Visto o escrito presentado por Tania Santos Ferras en representación da **Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira**, de data 19/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.407), no que solicita autorización para a celebración dunha foliada en Palmeira o día 21/12/2024.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- Autorizar a celebración dunha foliada en Palmeira o día 21/12/2024.
- Deberán achegar á Policía Local o percorrido a realizar no evento, así como o horario de inicio e fin do mesmo.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

---

**25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR UN AUDIOVISUAL – Agency by Sports and Life, S.L.**

Visto o escrito presentado por Mar Guerra Aranda en representación de **Agency by Sports and Life, S.L.**, de data 18/09/2024 (Registro de entrada nº 23.330), no que solicita autorización para a realización dun programa de TV Documental por diferentes zonas e lugares do concello, os días 02, 03 e 04/10/2024, sendo unha das protagonistas a atleta Ana Peleteiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar á **Agency by Sports and Life, S.L.** para a realización dun programa de TV Documental por diferentes zonas e lugares do concello, os días 02, 03 e 04/10/2024.
- Deberán poñerse en contacto co Departamento de comunicación para a coordinación do citado proxecto.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

---

**26.- AUTORIZACIÓN CORTA DE ÁRBORES – Maderas Camino, S.L.**

ASUNTO:	COMUNICACIÓN DE CORTA DE ÁRBORES
PARAXE/LUGAR/PARROQUIA:	VIDALLÓNS, SIRVES, OLVEIRA
REF. CATASTRAL:	15074A902008730000UQ
EXPEDIENTE:	2024TMA-000061
SOLICITANTE:	MANUEL CAMINO SAMBADE (**317**), EN REPRESENTACIÓN DE MADERAS CAMINO S.L. (**898**)
TIPOLOXÍA DO SOLO:	SOLO DE NÚCLEO RURAL

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

**1. ANTECEDENTES**

Escrito presentado por Manuel Camino Sambade, de data 18 de setembro de 2024 (entrada núm. 23.376), en representación de Maderas Camino S.L., mediante o que solicita autorización para cortar uns piñeiros na finca de referencia catastral 15074A902008730000UQ.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 20 de setembro de 2024, no que se conclúe que a solicitude non precisa efectuar o trámite de corta (declaración / autorización) ante a administración autonómica competente na materia, a Consellería de Medio Rural; indica a clasificación do solo no que se



pretende levar a cabo a acción; e establece unhas condicións para o desenvolvemento dos traballos.

## 2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

De conformidade co previsto no artigo 2.2 da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*, o solo onde se prevé realizar a corta (solo de núcleo rural) non ten a consideración de de monte ou terreo forestal.

De conformidade co previsto no artigo 6.2.c) do *Decreto 73/2020, do 24 de abril*, non requiren declaración responsable nin autorización administrativa: “c) Os aproveitamentos forestais en terreos que non teñan a consideración de monte, sen prexuízo da excepción prevista para os terreos de especial protección na *Lei 7/2012.*”

## 3. RESOLUCIÓN

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 20/09/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** autorizar a corta das árbores obxecto da solicitude, nas condicións referidas no informe emitido polo Servizo Municipal de Medio Ambiente, que son as seguintes:

- *De forma previa á realización dos traballos o solicitante deberá obter autorización ou informe favorable do organismo competente en materia de patrimonio natural, e deberá achegala ao expediente de solicitude.*
- *Unicamente é obxecto da solicitude a corta de 17 pés arbóreos do xénero Pinus sp. Polo tanto, respectaranse os pés arbóreos de especies autóctonas existentes na parcela, cuxa conservación non se opón ao previsto na normativa aplicable en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para as faixas secundarias de protección e subsidiariamente para o solo de núcleo rural.*
- *Deberán adoptarse as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e dos bens.*
- *Unha vez finalizados os traballos retiraranse ou trituraranse todos os restos que afecten aos espazos públicos e ás propiedades lindeiras.*
- *Se como consecuencia da execución dos traballos de corta e saca resultase afectado algún camiño de titularidade pública ou servizo, deberá ser reparado ao finalizar as tarefas.*

## 27.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) NOVIEMBRE 2023

**Vista** a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 09/09/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **novembro 2023**.



### FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 27/09/2024  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 27/09/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/09/2024 12:43:31





**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/09/2024.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **novembro 2023**; resultando o seu importe: 1.840,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

---

**28.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) OUTUBRO 2023**

**Vista** a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 09/09/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **outubro 2023**.

**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/09/2024.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **outubro 2023**; resultando o seu importe: 1.823,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

---

**29.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) SETEMBRO 2023**

**Vista** a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 09/09/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **setembro 2023**.

**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/09/2024.



**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **setembro 2023**; resultando o seu importe: 1.687,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

---

**30.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) XUÑO 2024**

**Vista** a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 09/09/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **xuño 2024**.

**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/09/2024.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **xuño 2024**; resultando o seu importe: 1.754,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

---

**31.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) MAIO 2024**

**Vista** a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 09/09/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **maio 2024**.

**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/09/2024.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **maio 2024**; resultando o seu importe: 1.754,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

---

**32.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) ABRIL 2024**

**Vista** a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 09/09/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **abril 2024**.

**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/09/2024.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **abril 2024**; resultando o seu importe: 1.771,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

---

**33.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) MARZO 2024**

**Vista** a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 09/09/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **marzo 2024**.

**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/09/2024.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos



Centros Concertados, relativo ao mes de **marzo 2024**; resultando o seu importe: 1.788,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

---

**34.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) FEBREIRO 2024**

**Vista** a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 09/09/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **febreiro 2024**.

**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/09/2024.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **febreiro 2024**; resultando o seu importe: 1.770,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

---

**35.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) XANEIRO 2024**

**Vista** a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 09/09/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **xaneiro 2024**.

**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/09/2024.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **xaneiro 2024**; resultando o seu importe: 1.719,00 € (con cargo á partida 323 472.01).



**36.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) DECEMBRO 2023**

**Vista** a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 09/09/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **decembro 2023**.

**Visto** o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/09/2024.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **decembro 2023**; resultando o seu importe: 1.719,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

**37.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María Dolores Martínez Ageitos (BAR DO QUINTO)**

**VISTO** o escrito presentado por **María Dolores Martínez Ageitos**, en representación do establecemento “Bar do Quinto” (Bretal), de data 19/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.414), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar do Quinto” (Bretal), o día 06/10/2024, en horario de 13:00 h. a 15:30 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización a María Dolores Martínez Ageitos, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar do Quinto” (Bretal), o día 06/10/2024, en horario de 13:00 h. a 15:30 h.

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar do Quinto” (Bretal) (María Dolores Martínez Ageitos), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:



- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

**CUARTO.-** Notificar asimismo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimismo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e*



*habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederá a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

### **38.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSAIS E GASTRONÓMICO EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María Dolores Saiñas Cadabal (TABERNA DO ARGENTINO)**

**VISTO** o escrito presentado por **María Dolores Saiñas Cadabal**, en representación do establecemento “Taberna do Argentino” (Carreira), de data 20/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.414), no que solicita permiso para eventos musicais e gastronómico (asado ao espeto) no establecemento hostaleiro “Taberna do Argentino” (Carreira), os días 11/10/2024, en horario de 21:00 h. a 24:00 h. (Evento musical), e 10/11/2024, en horario de 12:00 h. a 15:00 h. (Evento musical e gastronómico).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización a María Dolores Saiñas Cadabal, para eventos musicais e gastronómico (asado ao espeto) no establecemento hostaleiro “Taberna do Argentino” (Carreira), os días 11/10/2024, en horario de 21:00 h. a 24:00 h. (Evento musical), e 10/11/2024, en horario de 12:00 h. a 15:00 h. (Evento musical e gastronómico).

No evento gastronómico deberá gardar as obrigadas **medidas de seguridade** durante a celebración do mesmo.

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Taberna do Argentino” (Carreira) (María Dolores Saiñas Cadabal), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade*



*portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

**CUARTO.-** Notificar asimismo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimismo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





**39.- SOLICITUDE COLABORACIÓN MUNICIPAL PARA A CELEBRACIÓN DA V ANDAINA A FAVOR DE “AGAPREN” – Asociación Amas de Casa de Ribeira**

Visto o escrito presentado por Juana Ermitas Crujeiras en representación da **Asociación Amas de Casa de Ribeira**, de data 20/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.518), no que solicita colaboración municipal (3 haimas, megafonía, 150 mochilas segrafiadas, 150 augas, 150 mazás, 150 bocadillos e asistencia policial ou do GAEM), para a realización da V Andaina a favor de AGAPREM (Asociación de Prematuros de Galicia), o día 13/10/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a a realización da V Andaina a favor de AGAPREM (Asociación de Prematuros de Galicia), o día 13/10/2024.
- Prestar a colaboración municipal para a realización da andaina (3 haimas, megafonía, 150 mochilas segrafiadas, 150 augas, 150 mazás, 150 bocadillos e asistencia policial/GAEM).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

**40.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DE ACCIÓN DE STREET MARKETING – Máxima Public, S.L.**

Visto o escrito presentado por Manuel Jesús Casillas Bueno en representación de **Máxima Public, S.L.**, de data 23/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.740), no que solicita autorización para realizar unha acción de street marketing na vía pública para a entidade Naturgy, os días 09, 10 e 11/10/2024, en horario de 10:00 h. a 14:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a realización dunha acción de street marketing na vía pública para a entidade Naturgy, os días 09, 10 e 11/10/2024, en horario de 10:00 h. a 14:00 h.
- Dar traslado deste acordó á Policía Local para o seu coñecemento

**41.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO – Asociación de Empresarios de Ribeira**

Visto o escrito presentado por Francisco Manuel Martínez Gude en representación da **Asociación de Empresarios de Ribeira**, de data 23/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.795), no que solicita autorización para realizar o evento “Cidade de Nadal” na Plaza de España (Ribeira) desde o 01/12/2024 ao 07/01/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Deixar sobre a mesa a solicitude** pendente de que o Departamento de Cultura e Festexos coordine a ocupación do espazo público solicitado, debido a posibles necesidades de usos municipais.
- Dar traslado deste acordó ao Departamento de Cultura e Festexos para que comprobe e autorice ou non a posibilidade de realización do citado evento nese período de tempo.



**42.- SOLICITUDE SUBSTITUCIÓN DE QUIOSCO – Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE)**

**Visto** o escrito presentado por Manuel Martínez Pan en representación da **Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE)**, de data 09/07/2024 (Rexistro de entrada nº 17.797), no que solicita autorización para a substitución dun quiosco adicado á venda de cupóns da ONCE, situado na confluencia das rúas de Galicia con Cardenal Cisneros (Ribeira), por un novo modelo de quiosco máis seguro, accesible e atractivo.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a substitución dun quiosco adicado á venda de cupóns da ONCE, situado na confluencia das rúas de Galicia con Cardenal Cisneros (Ribeira), por un novo modelo de quiosco.
- A ubicación do novo quiosco deberá ser a mesma que a do anterior.
- Asímesmo se informa da obriga de proceder ao levantamento da instalación no momento en que os intereses municipais así o requiran, e sen dereito a indemnización de ningún tipo.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:35 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**



**FIRMANTE - FECHA**

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 27/09/2024  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 27/09/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/09/2024 12:43:31

